



Menudos lectores/as!!

... ratas de biblioteca

... non tan menudos/as...

Novidades

NOVAS DE BIBLIOQUIROGA (ABRIL E MAIO)

ESCOLA DE PRENSA: "O ECO DO VAL"

Este curso o alumnado de 3º e 4º da ESO do IES de Quiroga constituíu un equipo de reporteiros/as para participar na proposta "Escola de prensa", do diario *El Progreso*. Elaboraron numerosos artigos, entrevistas e reportaxes, tamén pasatempos e obituarios. Unha parte desta produción periodística foi difundida na rede (na páxina <http://www.escoladeprensaelprogreso.es/>) ao longo do curso. O obxectivo final era elaborar un xornal de 32 páxinas e presentalo á convocatoria feita polo diario lucense.

Custou esforzo, pero cumpriuse cos prazos.

O fallo do xurado, no mes de xuño, concedía a "O Eco do Val" dos premios: á mellor contraportada, e á maior e mellor actividade na web.



O IES de Quiroga decidiu facer unha edición limitada para a comunidade escolar e achegad@.

CONCURSO DE VIDEOPOEMAS NA CASA-MUSEO de MANUEL MARÍA

Dende a biblioteca escolar promoveuse a participación no I Concurso de Videopoemas convocado pola Casa-Museo de Manuel María. Dúas **alumnas** de 1º de BAC, Marta Campos e Sara Casanova, quedaron **finalistas** coa súa montaxe, que tiña como motivo o poema "Quiroga, fáloche a ti..." pertencente ao poemario *Sonetos ao Val de Quiroga*, de Manuel María.

As autoras do videopoema e as súas familias e algunhas amigas acudiron á entrega de premios que tivo lugar o 20 de maio en Outeiro de Rei.

Parabéns, mozas! Sodes unhas artistas!

ACTIVIDADES DO CLUB DE LECTURA (MAIO E XUÑO)

LECTURAS COMPARTIDAS NOS CEIPS

Cara ao final de curso, o alumnado do Club de Lectura Libromanía visitou os coles adscritos, en Quiroga e San Clodio, para realizar unha **actividade de dinamización lectora**: leron contos e poemas aos nenos e nenas de infantil e de 1º de primaria; foi unha experiencia máxica, e tanto os lectores/as como os espectadores /as pediron que se repetise o vindeiro curso.



X XORNADA DOS CLUBS DE LECTURA

O día 17 de xuño, unha pequena representación do alumnado do Club de Lectura e a persoa coordinadora, acudiron a Santiago para participar nunha **xuntanza** con membros doutros **clubs de lectura dos centros escolares**.

Alí tiveron ocasión de participar en obradoiros, asistir a charlas de escritores e á entrega do premio dos Clubs de lectura (este ano foi Miguelanxo Prado), falar de libros con outros lectores/as, cantar e bailar con Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre... foi unha festa de letras!!!



DÍA DAS LETRAS 2018 PARA Mª VICTORIA MORENO

